


CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME TÉCNICO

Segundo o estudo económico do Prego e a estrutura de liquidación mensual, as ofertas económicas desglosadas e detalladas presentadas son as seguintes:

(En euros)	PROXECTO	EYSSA	DORNIER	DOAL	CONT. P.	SETEX
ORA						
Recadación de Usuario xeral	904.475	904.475				
Recadación Us.de L. duración	224.250	224.250				
Recadación de Us. en C. e D.	120.120	120.120				
Recadación por residentes	59.200	59.200				
Suma ORA	1.308.045	1.308.045	1.500.175	1.305.652	1.308.045	1.486.241
GRÚA						
Recadación estimada	853.658	853.658	827.110	744.911	735.990	902.075
TOTAL RECADACIÓN	2.161.703	2.161.703	2.327.285	2.050.563	2.044.035	2.388.316
ORA						
Custes fixos: Amortizacións	26.584	57.181	47.376	81.254	35.059	26.828
Gastos financeiros e Gastos X.	42.428	93.537	51.418	56.755	47.908	76.345
C. Variables: Persoal	678.817	523.371	712.740	706.936	678.477	673.423
C. Variables: Subminist./outros	87.400	84.800	200.878	175.671	130.601	90.022
CUSTES ORA	835.229	758.888	1.012.413	1.020.615	892.045	866.618
GRÚA						
Custes fixos: Amortizacións	50.940	48.217	64.416	61.963	56.457	40.980
Gastos financeiros e Gastos X.	45.652	118.477	46.049	49.934	50.962	140.112
C. Variables: Persoal	654.954	640.253	647.468	707.437	699.654	714.911
C. Variables: Subminist./outros	100.300	177.221	171.904	99.790	79.501	190.248
CUSTES GRÚA	851.846	984.169	929.837	919.125	886.575	1.086.250
CUSTES ORA + GRÚA	1.687.075	1.743.057	1.942.250	1.939.740	1.778.619	1.952.868
Canon Fixo: 15€ x1.840 prazas	27.600	138.000	55.200	66.240	101.200	101.200
Diferencia de recadación	474.628	418.646	385.035	110.823	265.416	435.448
Concesionario (CV% - C. Fixo)	209.714	- 54.271	21.807	- 44.075	- 48.117	- 14.110
Porcentaxe . s/ C. Variables	12,43	- 3,11	1,12	- 2,27	- 2,71	- 0,72
50%-80% para o Concello	237.314	334.917	308.028	88.658	212.332	348.359
Total Concello (Fixo+Variable)	264.914	472.917	363.228	154.898	313.532	449.559

Apreciase a idoneidade, realidade e coherencia das previsións de ingresos e gastos derivados da explotación, polo que a valoración feita está de acordo co sinalado no Prego.



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME TÉCNICO

A vista do anterior e doutros informes, a puntuación final é a seguinte:


EMPRESA	SOBRE 2			SOBRE 3			TOTAL
	PROXECTO	MELLOR.	TOTAL	FIXO	VARIA.	TOTAL	
EYSSA	26,00	0,90	26,90	10,00	42,00	52,00	78,90 Ptos
DORNIER	31,00	1,95	32,95	3,32	42,00	45,32	78,27 Ptos
DOAL	36,00	2,30	38,30	4,65	42,00	46,65	84,95 Ptos
CONTINENTAL P.	28,50	1,90	30,40	8,85	42,00	50,85	81,25 Ptos
SETEX APARKI	37,50	10,00	47,50	8,85	42,00	50,85	<u>98,35 Ptos</u>

Proponse á Mesa de Contratación que sexa a empresa SETEX APARKI S.A. a gañadora do concurso da xestión conxunta dos servizos de Ordenación, Regulación e Aparcamento de vehículos na vía pública (ORA) e da Retirada, Traslado e Depósito de vehículos en Santiago de Compostela, con tódolos condicionantes e melloras sinalados na súa oferta.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2011

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García



CONCELLO DE
SANTIAGO

LICITACIÓN DA XESTIÓN CONXUNTA DOS SERVICIOS DE ORDENACIÓN, REGULACIÓN E APARCAMENTO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA (ORA) E A RETIRADA, TRASLADO E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

SOBRE 3. PROPOSICIÓN ECONÓMICA

O día 16 de novembro deste ano se reunió a mesa de Contratación para dar conta da puntuación acadada polas empresas na primeira fase - os criterios nº 2 e 3 do **sobre 2**, non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes - e realizouse a apertura do **sobre 3** - oferta económica - que ten como resultado o seguinte:

OFERTA	EYSSA	DORNIER	DOAL	CONT. P.	SETEX
Canon fixo (Cf)	75 €	30 €	36 €	55 €	55 €
Canon Variable (CV)	80 %	80 %	80 %	80 %	80 %

1. Canon fixo a favor do Concello (10 puntos)

Fórmula de valoración: $F_x = 10 * (15 - l_x) / (15 - l_x \text{ máx})$ donde

F_x = Valoración da oferta X

l_x = Canon en euros/praza ofertado pola empresa X


$l_x \text{ máx}$ = O canon máis alto, sendo inferior á media das ofertas máis 10 euros.

1º Cálculo da media: $(75 + 30 + 36 + 55 + 55) / 5 = 251 / 5 = 50,20$ Euros

2º Cálculo da oferta máxima: $50,20 + 10 = 60,20$ Euros

3º Puntuación: EYSSA terá 10,00 puntos , e as outras

EYSSA	75,00	$l \text{ máx} = 60,20$	10,00 Ptos
DORNIER	30,00	$10 * (15 - 30,00) / (15 - 60,20)$	3,32 Ptos
DOAL	36,00	$10 * (15 - 36,00) / (15 - 60,20)$	4,65 Ptos
CONTINENTAL P.	55,00	$10 * (15 - 55,00) / (15 - 60,20)$	8,85 Ptos
SETEX APARKI	55,00	$10 * (15 - 55,00) / (15 - 60,20)$	8,85 Ptos



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

2. Canon variable a favor do Concello (42 puntos)

Fórmula de valoración: $Vx = 42 * (50\% - lx) / (50 - 80\%)$ donde

Vx = Valoración da oferta X

lx = Canon variable sobre a diferenza de recadación en porcentaxe, con dous decimais

As ofertas que presentan un canon anual variable a favor do Concello consistente nun **80%** sobre a diferenza de recadación, terán a máxima puntuación posible de **42 puntos**, xa que :

$$42 * (50 - 80) / (50 - 80) = 42 \text{ puntos} * (-1) / (-1) = 42 \text{ puntos.}$$

Tódalas empresas teñen neste apartado do canon variable, 42 puntos


Polo tanto, a puntuación da oferta económica é a seguinte:

EMPRESA	C. FIXO	C. VARIABLE	TOTAL
EYSSA	10,00	42,00	52,00 Ptos
DORNIER	3,32	42,00	45,32 Ptos
DOAL	4,65	42,00	46,65 Ptos
CONTINENTAL P.	8,85	42,00	50,85 Ptos
SETEX APARKI	8,85	42,00	50,85 Ptos

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2011

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PUNTUACIÓN SOBRE Nº2

EMPRESAS	PROXECTO	MELLORAS	TOTAL
EYSA	26,00	0,90	26,90
DORNIER S.A.	31,00	1,95	32,95
DOAL S.A.	36,00	2,30	38,30
AUSSA	24,50	0,90	0,00
CONTINENTAL P. S.L.	28,50	1,90	30,40
SETEX APARKI S.A.	37,50	10,00	47,50

Esta valoración está feita tendo en conta as seguintes observacións:


1.- Unha empresa , AUSSA, presenta neste sobre nº 2 un estudo económico completo do servizo, con ingresos e gastos, que ten que ir no sobre nº 3, polo que foi **excluída pola Mesa na súa reunión do 2-XI-2011.**

2.- DORNIER cita nos vehículos grúa un modelo, el 45.12/2 que non se comercializa en España dende fai 10 anos e que non pode transportar os vehículos de 2.000 kg que esixe o Prego. Na descripción das características deles, que aparece na Memoria da oferta, observase que corresponden ao modelo 45.15 que si cumpre o sinalado no Prego, aportando documentación que reafirma o anterior. Polo tanto, considérase que a grúa ofertada é válida, adecuada ao Prego e competidora das outras ofertas.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2011

O Inspector técnico de Servizos e Transportes


Asd.: Luis Alberto López García



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PUNTUACIÓN PROXECTO DE EXPLOTACIÓN (38 Puntos)

CONCEPTO	Baremo	EYSSA	DORNIER	DOAL	AUSSA	CONT. P.	SETEX
Calidade na ORA	22,00	15,00	18,00	20,00	13,50	15,00	22,00
Calidade na GRÚA	8,00	6,00	7,50	8,00	6,50	7,50	7,50
Plan de seguemento, análise de resultados e transparencia na xestión	3,00	1,50	2,00	3,00	1,50	2,00	3,00
Tecnoloxías	3,00	2,00	2,50	3,00	1,00	2,50	3,00
Plans de formación	2,00	1,50	1,00	2,00	2,00	1,50	2,00
TOTAL	38,00	26,00	31,00	36,00	0,00	28,50	37,50




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PROXECTO TÉCNICO DA ORA

CONCEPTO	Baremo	EYSA	DORNIER	DOAL	AUSSA	CONT. P.	SETEX
PLANIFICACIÓN e ORGANIZACIÓN	9,00	5,50	7,00	8,00		6,50	9,00
PRESTACIÓN DO SERVIZO	13,00	9,50	11,00	12,00		8,50	13,00
TOTAL	22,00	15,00	18,00	20,00	0,00	15,00	22,00

PROXECTO DE EXPLOTACIÓN da GRUA

CONCEPTO	Baremo	EYSSA	DORNIER	DOAL	AUSSA	CONT. P.	SETEX
TOTAL	8,00	6,00	7,50	8,00	0,00	7,50	7,50



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PROXECTO DE EXPLOTACIÓN (38 Puntos)


Segundo o Prego, valorarase a oferta máis acertada que cumpra coas expectativas do Concello neste sentido.

- 1.- Calidade do Proxecto Técnico na ORA (22 Puntos)
- 2.- Calidade do Proxecto Técnico na GRÚA (8 Puntos)
- 3.- O Plan de seguimento (1 Punto)
 - Analise de resultados (1 Punto)
 - Transparencia da xestión (1 Punto)
- 4.- Tecnoloxías (3 Puntos)
- 5.- Plans de formación de traballadores (2 Puntos)

Expóñese unha proposta de valoración da calidade dos Proxectos técnicos da ORA e da Grúa no que sinalamos os aspectos que definen dita calidade, sinalando por empresa licitadora o máis saliantable ofertado en cada aspecto. A profusión de datos que presentan e a non sinalización pormenorizada no Prego dos aspectos a puntuar, fan que na presentación das ofertas tódolos datos estén dispostos de xeito desordenado de uns respecto dos outros, as veces están repetidos e as empresas licitadoras non seguen o mesmo orde na exposición do seu Proxecto. De tódolos xeitos, para valora-lo Proxecto da ORA consideramos suficientemente orientativo e equilibrado para dictaminar o número de puntos de a repartir entre as empresas concursantes definir dous apartados significativos: a Planificación e Organización do Servizo, ponderando un 40% dos puntos, e a Prestación do servizo, ó 60% restante.

Na Planificación e Organización considerouse o número e distribución de máquinas expendedoras, o plantexamento e definición das rutas dos controladores, os medios humanos aportados ao servizo, a sinalización vertical e horizontal propostas e a explicación pormenorizada do proceso de recadación. Por ser ó 40%, a súa valoración máxima será de 9,00 puntos.

No referente a Prestación do servizo, fívose en conta o equipamento das máquinas expendedoras e dos controladores, así como das Instalacións propostas para o propio uso e dos cidadáns, dos vehículos adscritos as diversas tarefas e da exposición dos Plans de



CONCELLO DE SANTIAGO

mantemento a realizar para mellorar a eficacia do servizo. A puntuación máxima neste apartado é de 13,00 puntos.

Para valorar a calidade do Proxecto do servizo de retirada, transporte e depósito de vehículos, tívose en conta a organización e xestión presentada polas empresas, así como os medios materiais e humanos postos a disposición do contrato, as instalacións de depósito de vehículos e oficina de atención ao público, e a definición dos seus Plans de mantemento. Como sinala o Prego, a puntuación máxima neste apartado será de 8,00 puntos.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011
O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García

Planificación e Organización (9 Puntos)

Propón incrementar o sistema actual coa inclusión de 10 parquímetros a maiores, do mesmo modelo que existe actualmente. Especifica que as novas incorporacións cumpriran cos requisitos mínimos esixidos no Prego, que serán solares e non fala da implantación de paneis solares nas actuais. Nova reubicación das actuais.

Establecerá 11 circuitos de control que sinala que cubrirán as prazas sinaladas no Prego por cada controlador. Actuación dos controladores sucintamente explicada. Nos parece que as rutas son demasiado longas aínda que contan con dúas motocicletas e un vehículo, que non vemos idoneo para controlar as zonas reguladas pola ORA. Aínda que a planimetría é clara e precisa non presenta cadro de lonxitudes ni número de prazas por ruta, e consecuentemente o número total de prazas reguladas.


Propón a subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego, agás na proxecto presentado desaparecen o subdelegado, 2 técnicos de mantemento e dous (2) controladores. Para este servizo conta co Delegado, dous (2) administrativos, un (1) técnicos de recadación e mantemento, e dazaseis (16) controladores nas rúas, en total 20 persoas. Complementa con persoal de apoio dos servizos centrais.

No proceso de actuación non sinala que tipo de pintura usará, polo que obrigatoriamente cumprirá as características esixidas no Prego. Da sinalización vertical non fala, polo que deixará a actual.

Sistema de recadación e xestión de denuncias ben explicado, con control da recadación individualizada por cada MET, segundo procedementos auditados de calidade. Sinala a recadación dunha vez a semán, como está obrigado polo Prego.

Adecuadas aos requerimentos mínimos do Prego. Pouco detallada a explicación das rutas e da metodoloxía operativa. Insuficientes medios humanos para un bo control do servizo. Moi deficiente presentación da sinalización. Adecuada planificación da recadación.

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN 5,50 Puntos



Prestación do Servizo (13 Puntos)

O modelo é o mesmo que está instalado e farán a instalación en todos eles (os vellos e os dez novos) de novos dispositivos para pagar con tarxeta de débito/crédito, como está sinalado no Prego para os que sexan novos. Aportará 10 unidades do modelo actual –Amper Ciudad- para aumentar o stock.

Cumpren coas características sinaladas no Prego, son PDA's , mod 1520 PDA de Vodafone, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora – DPP 250- con bluetooth. Tarxeta de firma dixital, sen indicar modelo.. A mais da uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os controladores levarán unhas lectores para tarxetas RFID de control nas zonas de residentes.

Local céntrico sen especificar situación nin superficie. A distribución comprende espacio para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público, almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento.

Para a vixancia, recadación e mantemento unhas veces fala da incorporación de 2 motocicletas eléctricas, modelo Urban ou similar e 1 vehículo eléctrico modelo Reva ou similar , e outras veces expón a incorporación de 2 vehículos eléctricos e 1 motocicleta.

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.

O Modelo é o existente, data do ano 2000, pouco flexible ás innovacións técnicas. Correcta aportación de medios materiais, idóneos tecnicamente. Moi indefinida a proposta das instalacións. Regular incorporación de vehículos ao servizo. Adecuado e preciso o proceso de mantemento.

PRESTACIÓN DO SERVIZO 9,50 Puntos

Planificación e Organización (9 Puntos)

Propón a modificación do sistema actual coa adaptación dos parquímetros existentes á configuración esixida para os novos – incorporación de lectores de tarxetas chip e bancarias-. Incrementa o stock existente coa incorporación de 23 novos do mesmo modelo que o existente. Non propón reubicación algunha dos existentes.

Establece 12 circuitos de control con 156 prazas a vixiar por controlador, inferior ao ratio do Prego (160) cando se usen medios, neste caso 2 Segway para as rutas de longo percorrido, que permitan lograrlo. Parece excesivo que existan sete rutas de mais de 1 Km e una delas perto de 2 Km. Agás que a actuación dos controladores está perfectamente explicado, plantexa rutas dinámicas, variables, moi difíciles de organizar. Aínda que a planimetría é clara e precisa non presenta cadro de lonxitudes ni número de prazas por ruta, e consecuentemente o número total de prazas reguladas.

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, dous (2) administrativos, tres (3) técnicos de recadación e mantemento, e dazasete (17) controladores nas rúas, en total 23 persoas. Complementa con persoal de apoio da delegación en Galicia e nas oficinas centrais.

No proceso de actuación sinala o uso de pintura acrílica. Propón a compra de 4 sinais e os mesmos postes de 3 m de alto, toda ela realizada en alumiño.

Implantación na xestión dos servizos das aplicacións sinaladas internamente polo Coordinador de calidade . O sistema de recadación está perfectamente explicado e a súa realización faise dúas veces por semana.

Adecuadas aos requerimentos mínimos do Prego. Ben exposta a explicación das rutas , agás pouco detalle nelas e difíciles de levalas a cabo. Adecuado para a xestión e planificación expostas. A pintura non é a mellor e a sinalización vertical nova é mínima, eso si, con boa adaptación ao entorno urbano. Adecuada planificación e organización

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN 7,00 Puntos

Prestación do Servizo (13 Puntos)

Propón incrementar o sistema actual coa inclusión de 23 parquímetros a maiores, do mesmo modelo que existe actualmente –Amper Ciudad- para ter en stock. Especifica que o modelo é o mesmo que está instalado e farán a instalación en todos eles (actuais e novos) de novos dispositivos para pagar con tarxeta de débito/crédito, como está sinalado no Prego para os que sexan novos.

A máis da uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os controladores levarán unhas lectores para tarxetas RFID de control nas zonas de residentes.. O equipamento cumpre coas características sinaladas no Prego, son PDA's , non especifica número, marca e modelo, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora, con bluetooth. Tarxeta de firma dixital.

Local céntrico na rúa Perez Constanti 15, que ten 120 m2 na planta baixa para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público, almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento.

Incorporanse ao servizo dúas (2) Segways para control de rutas, una (1) furgoneta con ferramentas para control, recadación e mantemento dos equipos e una motocicleta Scooter ou similar.

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.

O Modelo é o existente, data do ano 2000, pouco flexible ás innovacións técnicas. Características técnicas do equipamento dos controladores idóneas, non comprobadas. Fácil e céntrico acceso para os usuarios, agás algo pequeno. Adecuado e preciso plan de mantemento, así como é boa a incorporación dos novos vehículos ao servizo.

PRESTACIÓN DO SERVIZO 11.00 Puntos

Planificación e Organización (9 Puntos)

Propón a modificación do sistema actual coa inclusión de 11 máquinas expendedoras a maiores, do mesmo modelo –AMPER Ciudad – que existe agora. Nova reubicación das actuais. Serán de distinto cor externamente as bandas para identificar zonas de curta e longa duración.

Establece 13 circuitos de control con 156 prazas a vixiar por controlador, inferior ao ratio do Prego (160) cando se usen medios, neste caso 2 Segway para as rutas de longo percorrido, que permitan lograrlo . A planimetría é clara e adecuada, presenta cadro de lonxitudes e número de prazas por ruta.O plan de actuación dos controladores está perfectamente explicado: Defínense as pautas de actuación considerando toda-las posibles variables que se poidan presentar ao longo da xornada laboral.


Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego, distribuído por servizos e categorías. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, dous (2) administrativos, tres (3) técnicos de recadación e mantemento, e dazasete (17) controladores nas rúas, en total 23 persoas.

Detallado proceso de actuación, usando pintura de dous (2) compoñentes. Pintado en naranxa na zona de curta duración. Propón a colocación de tódala sinalización vertical nova por reposición en aluminio. Sinalización vertical da zona de residentes.

Non está especificamente sinalada o procedemento de recadación, agás ten implantado o proceso auditado de calidade no servizo de ordenación e regulación do aparcamento e destina tres operarios aos servizos de recadación e mantemento.

As máquinas son adecuadas aos requerimentos do Prego Perfectamente detallada e con exactitude a explicación das rutas e da metodoloxía operativa. Medios humanos adecuados para a xestión e planificación expostas. Boa adaptación ao entorno urbano no referente á sinalización. Regular especificación do proceso de recadación.

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN 8,00 Puntos



Prestación do Servizo (13 Puntos)

Centralización de tódolos expendedores, os 105 existentes e os 10 novos a colocar. Instalación de novos dispositivos para permitir o pago con tarxeta de débito/crédito e tarxetas chip. Distinto cor nas bandas exteriores segundo o réxime que controlen.

A máis da uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os controladores levarán unhas lectores para tarxetas RFID de control nas zonas de residentes. Levarán PDA's de Pideon modelo BM170, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora modelo ZEBRA MZ320 con bluetooth. Lector para asinar dixitalmente as denuncias.


Presenta precontratos de dous locais céntricos na rúa do Hórreo, un de 175 m² e outro de 200 m², equipados para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público, con capacidade para arquivo, almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento..

Furgoneta grande de inspección seminueva, adscripción das dúas furgonetas actuais do servizo, 4 segways – dous para vixiantes e dous para ratificadores de denuncias- e un vehículo lector de matrículas. Levarán todos GPS para control de flotas. Moi boa aportación de medios materiais.

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo con profusión de detalles dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.

O Modelo é o existente, data do ano 2000, pouco flexible ás innovacións técnicas. Características técnicas idóneas para o equipamento dos controladores. Fácil e céntrico local de atención para os usuarios. Moi boa aportación de medios materiais. Plans de mantemento adecuados e precisos.

PRESTACIÓN DO SERVIZO 12,00 Puntos



Planificación e Organización (9 Puntos)

Propón a modificación do sistema actual coa adaptación dos parquímetros existentes á configuración esixida para os novos – incorporación de lectores de tarxetas chip e bancarias-. Compra tres unidades de reposto. Non presenta planimetría. Proxecta implantar procesos de calidade para preparación e desenvolvemento de procedementos e operacións. Non explica o sistema de recadación e a xestión de denuncias está ben explicada. Presenta estudo económico con só 14 controladores cando agora traballan 18.

Establecerá unhas circuitos de control, que non especifica como van ser, e que sinala que cubrirán 140 prazas por cada controlador. Co horario que marca o Prego non parece que con 14 controladores que fixa no seu estudo poida vixiar e controlar diariamente de luns á sábado tódalas prazas, aínda que contan conduas motocicletas. Actuación dos controladores sucintamente explicada. É correcto o sinalamento das funcións do resto do persoal.


O modelo é o mesmo que está instalado e farán a instalación en todos eles de novos dispositivos para pagar con tarxeta de débito/crédito, como está sinalado no Prego para os que sexan novos. Aportará 3 unidades do modelo actual para aumentar o stock.

Aplicación informática propia GAUSS para control de prazas, xestión e formulación de denuncias e control da actividade. Indicación de posición GPS. Seguimento en tempo real dos parámetros de tódolos servizos e permite a firma electrónica.

Implantación na xestión dos servizos das aplicacións sinaladas na Norma de calidade ISO 9001:2008, obtida en abril de 2003, así como dispón dun Sistema de Xestión Ambiental certificado por AENOR segundo o previsto na Norma ISO 14001:2004 que posue dende 2008.

Deficiente organización e moi sucinta e mellorable Planificación. Pouco detallada a explicación da metodoloxía operativa, a máis coidamos que é necesario o traballo doutros tres controladores máis. O Modelo é o existente, data do ano 2000, pouco flexible ás innovacións técnicas. Xestión boa da calidade e compromiso co medioambiente

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN: SEN AVALIAR



Prestación do Servizo (13 Puntos)

Cumpren coas características sinaladas no Prego, son PDA's , tipo Black Berry, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora, non específica marca e modelo, con bluetooth. Tarxeta de firma dixital. .

A máis do equipamento dos controladores, dos 3 parquímetros de reposto iguais aos existentes, da uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os controladores levarán unhas lectores para tarxetas RFID de control nas zonas de residentes. Incorporanse ao servizo dúas motocicletas, sen especificar de que tipo,son, agás polo prezo serán tipo Scooter

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.


Propón a subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego, agás na metodoloxía operativa e no estudo económico desaparecen catro (3) controladores. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, tres (3) administrativos, tres (3) técnicos de recadación e mantemento, e catorce (14) controladores nas rúas, en total 21 persoas. Complementa con persoal de apoio do máximo responsable do contrato na Central.

Local céntrico a escoller na avd/ da Coruña, sen especificar situación nin superficie. A distribución comprende espacio para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público, almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento.

No proceso de actuación sinala o uso da pintura de dous componentes, agás sinala o repintado – en contra do Prego- do 25% do total por ano, xa que hai que repintar o 100%. Propón a compra de - na sinalización vertical – de 14 sinais e postes sin concretar tipoloxía.

Características técnicas idóneas, non comprobadas na impresora. Adecuado e preciso Plan de mantemento. Insuficientes medios humanos para un bo control do servizo. Moi indefinida a proposta das instalacións. Non cumpre na pintura os parámetros sinalados no Prego é a sinalización vertical non está definida claramente.

PRESTACIÓN DO SERVIZO NON AVAUIABLE



Planificación e Organización (9 Puntos)

Propón a modificación do sistema actual coa adaptación de 50 dos 105 parquímetros existentes á configuración esixida para os novos – incorporación de lectores de tarxetas chip e bancarias-. Incorpora una unidade nova do modelo existente –Amper Ciudad- para aumentar o stock. Non reubica os actuais.

Establecerá 12 zonas de control, e que sinala que cubrirán 140 prazas por cada controlador. Non parece ser o mas axeitado adicar 5 rutas ao campus Sur, que é zona de longa duración, e con tres controladores chegaría. Actuación dos controladores sucintamente explicada. Presenta planimetría moi elemental,

Propón a subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego, agás na metodoloxía operativa aparece outro administrativo máis. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, tres (3) administrativos, tres (3) técnicos de recadación e mantemento, e catorce (17) controladores nas rúas, en total 24 persoas. Complementa con persoal de apoio do máximo responsable do contrato nas oficinas centrais..

No proceso de actuación non sinala que tipo de pintura usará, polo que cumprirá as características esixidas no Pregacrítica. Na sinalización vertical, de reposición, será realizada en aluminio.

Implantación na xestión dos servizos das aplicacións sinaladas na Norma de calidade ISO 9001:2088, obtida en marzo de 2010. Moi ben explicado o sistema de recadación e xestión de denuncias. Recadación dunha vez por semana.

Parquímetros adecuados aos requerimentos mínimos do Prego. Pouco detallada a explicación das rutas e a metodoloxía operativa. Medios humanos adecuados para as rutas sinaladas e para un bo control do servizo A pintura non especificada, e a sinalización vertical é mínima, eso si con boa adaptación ao entorno urbano. Adecuada planificación e organización da recadación.

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN 6,50 Puntos

Prestación do Servizo (13 Puntos)

O modelo é o mesmo que está instalado e farán a instalación en cincuenta deles de novos dispositivos para pagar con tarxeta de débito/crédito, como está sinalado no Prego para os que sexan novos. Aportará unha unidade do modelo actual –Amper Ciudad- para aumentar o stock.

Uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os controladores levarán unhas lectores para tarxetas RFID de control nas zonas de residentes. Cumpre coas características sinaladas no Prego, son PDA's de Motorola modelo ES400, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora modelo ZEBRA RW-220 .

Local céntrico sen especificar situación nin superficie. A distribución comprende espacio para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público, almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento.

Non especifica ningunha incorporación de vehículos novos ao servizo polo que, tendo a obriga de adquisición dos actuais , serán eses os que adicará ao servizo de mantemento e recadación.

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.

O Modelo é o existente, data do ano 2000, pouco flexible ás innovacións técnicas. Correcta aportación de equipamento para os controladores, idóneos tecnicamente. Moi indefinida a proposta no referente as instalacións. Mínima aportación de vehículos. Adecuado e preciso o Plan de mantemento.

PRESTACIÓN DO SERVIZO 8,50 Puntos

Planificación e Organización (9 Puntos)

Substitución dos expendedores vellos (incluso os de recambio) por **120** unidades novas, con seis modelos a elixir polo Concello. Todos cumpren as especificacións mínimas sinaladas no Prego para os que se compren novos. Idoneos técnicamente teñen prestacións moi superiores aos existentes, e na elección influirá a maior accesibilidade ao usuario, o de maior flexibilidade de adaptación as novas tecnoloxías, o de mellor integración no entorno urbano, etc...

Establece 14 circuitos de control con 131 prazas a vixiar por controlador, inferior ao ratio do Prego (160); a Planimetría é clara e adecuada. O Procedemento de actuación dos controladores está perfectamente explicado: Xa antes do inicio do servizo defínense as pautas de actuación considerando toda-las posibles variables que se poidan presentar ao longo da xornada laboral.


Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, dous (2) administrativos, tres (3) técnicos de recadación e mantemento, e dazasete (17) controladores nas rúas, en total 23 persoas. Contrato un conductor, para o vehículo intelixente a usar no control de residentes, sen repercutir o seu custe no Proxecto de explotación.

Detallado proceso de actuación, usando pintura de dous (2) compoñentes. Propón a colocación de tódala sinalización vertical nova, con 31 sinais de entrada na zona regulada e 30 de saída, con 61 postes de 3,50 m de alto, toda ela realizada en alumiño.

Sistema de recadación ben explicado mediante cinco rutas diarias de luns a venres. Implantación de procesos auditados de calidade para preparación e desenvolvemento de procedementos e operacións de recadación.

Os parquímetros teñen unhas características técnicas idóneas. Perfectamente detallada e con exactitude a explicación das rutas e da metodoloxía operativa. Medios humanos adecuados para a xestión e planificación expostas. Sinalización de calidade con boa adaptación ao entorno urbano Adecuada planificación e organización do sistema de recadación..

PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN 9,00 Puntos



Prestación do Servizo (13 Puntos)

Centralización dos 120 novos a colocar, presenta seis modelos diferentes, equipados como mínimo con GPRS, teclado alfanumérico, panel solar integrado e lectores mixtos de chips e tarxetas bancarias.

Coa uniformidade do vestiario autorizado polo Concello, os terminais que levan cumpren coas características sinaladas no Prego, son PDA's de Motorola modelo MC65, con GPS integrado, radio, cámara fotográfica de 3,2 MP, pantalla táctil, bluetooth máis impresora, con lector Smart Card de tarxeta Ceres para permitir a firma electrónica (Impresora modelo ITOS DPP-250 con bluetooth). Lector RFID para residentes.


Local céntrico na avd./ Lugo 4 baixo, que ten 178 m2 na planta baixa para a oficina de xestión do servizo e de atención ao público. No sótano, de 208 m2, está o arquivo, o almacén e o apartado para as tarefas técnicas de mantemento.

Incorporanse ao servizo dúas (2) furgonetas novas eléctricas, Renault Kangoo ou similar, equipadas con caixa forte anclada e con sendas PDA's para recadación e mantemento dos equipos. 2 Segway e un vehículo intelixente para control de residentes.

Exposición dos Plans de mantemento preventivo e correctivo con profusión de detalles dos procedementos a seguir no referente a terminais dos controladores, equipos e instalacións, así como no referente á planificación de tarefas e ao persoal adicado a estas funcións.

Parquímetros de última xeneración, idoneos técnicamente e permiten prestacións avanzadas. Boa aportación de equipos para os controladores coas características técnicas idóneas. Os locais presentan un fácil e céntrico acceso para os usuarios. Moi boa aportación de medios materiais. Moi adecuado e preciso os Plans de mantemento.


PRESTACIÓN DO SERVIZO 13.00 Puntos



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PROXECTO DE EXPLOTACIÓN da GRUA

CONCEPTO	Baremo	EYSSA	DORNIER	DOAL	AUSSA	CONT. P.	SETEX
TOTAL	8,00	6,00	7,50	8,00	0,00	7,50	7,50




Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)

Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Descrición pormenorizada das tarefas de cada operario no servizo así como dos procedementos de actuación. Retiradas express, somentes nunha grúa, con transmisión de imaxes en tempo real por video á xefatura da policía para retirar vehículos sen a presenza do axente. O resto das grúas transmitirán por fotografía mediante o uso de BlackBerry. Uso de sistemas modernos en tecnoloxía das comunicación. Implantación de mecanismo de control con sistema de localización e comunicación GPS e software de xestión, facilitador da fiscalización do servizo polo Concello. Cámara fotográfica dixital en tódalas grúas. Non sinala terminais de punto de venda nas grúas

5 grúas de pala hidráulica, non sinala modelo, sobre chasis IVECO ECO DAILY de 5.000 kg. Sinalamento de ferramenta e utillaxe – suponemos que carriños, garras, cepos, elementos de sinalización, etc..- sen describir . Por grúa: Cámara fotográfica dixital, radio-teléfono emisor e receptor – non especifica modelo - transmisor GPS, teléfono móbil, emisora base e antena no depósito. Blackberry 9700 con software e hardware necesario para localización e transmisión en tempo real do vehículo infractor. Dispositivo de captura de imaxes (por video) nunha das grúas do servizo.

Non fala da subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado ou Subdelegado, un (1) administrativo, doce (12) condutores, e cinco (5) recepcionistas, en total 19 persoas, apoiados sempre por persoal dos servizos centrais. Non sinala os dous (2) técnicos de mantemento

Proposta de ubicación nun terreo de 4.362 m² na rúa Polonia do polígono de Costa vella. Pechado, vixiado, con portas de acceso controladas, con oficinas de cobro, así como con vestiaríos aseos, almacén e equipo de primeiros auxilios, obrigas todas elas sinaladas no Prego.



CONCELLO DE SANTIAGO

Detallado proceso de actuación, con Planes preventivos propios sinalando actividades por kilometraje e por pre ITV. Revisións por quendas e mensuais. A explicación do mantemento correctivo está ben explicado.

Escasamente detallado, ten exactitude e precisión. Adecuado tecnoloxicamente. Boa aportación de medios materiais. Incompleta exposición para a xestión e planificación expostas. As instalacións propostas serán adecuados e con facilidade de acceso aos usuarios. Planes de mantemento adecuados e precisos.

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 6.00 Puntos

Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)


Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Descrición das tarefas de cada operario no servizo así como dos procedementos de actuación. Xestión con programa informático propio –Mobility Grúa –, que permite o seguemento en tempo real da situación, mediante a localización con GPS e asignación de servizos mediante telefonía GPRS, pois cada grúa leva una PDA integrada no sistema de xestión. Uso de sistemas modernos en tecnoloxía das comunicación. Transmisión en tempo real das imaxes para poder retirar os vehículos sen a presenza do axente da policía. Terminais de punto de venda nas grúas e no depósito de vehículos.

5 grúas de pala hidráulica modelo FOIMA FPC-35 sobre chasis NISSAN Cabstar 45.15/2 Comfort de 150 cv. Alimentados por biodiesel. Sinalamento de ferramenta e utillaxe – carriños de arrastre automáticos, cepos para camións, turismos e para motocicletas –. Convenio con empresa local de transporte para retirada de vehículos de máis de 2.600 Kg. Cámara fotográfica dixital, transmisor GPS, PDA Qtek mod 9090, terminal de denuncias con impresora Zebra RW220 e lector de tarxetas de débito/crédito para pagar enganches. Central de comunicacións no depósito..

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado ou Subdelegado, un (1) administrativo, dous (2) técnicos de mantemento, doce (12) condutores, e cinco (5) recepcionistas, en total 21 persoas, apoiados sempre por persoal dos servizos centrais.

Proposta de ubicación en dous solares a eleixir: En Mallou de 7.000 m2 , aportando referencia catastral e propietario, e a outra en Antelos (Os Vilares) tamén de 7.000 m2. En todo eles existe preacordo de reserva cos seus propietarios.


Plans de programación e control das inspeccións técnicas, conservación e inspeccións periódicas por tempo e por Kilometraxe. Adecuado mantemento correctivo (axeno a empresa) .



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Ben detallado, ten exactitude e precisión . Adecuado tecnoloxicamente Moi Boa aportación de medios adicados ao servizo. Adecuados medios humanos para a realización da xestión e planificación expostas. Adecuadas instalacións e con facilidade de acceso. Plans de mantemento adecuados e correctos.

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 7.50 Puntos




Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)

Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Procedemento administrativo para vehículos abandonados. Perfecta e detallada descripción da xestión entre a retirada dos vehículos e a súa saída do depósito, todo baixo procedementos de control normalizados. Retiradas express, con transmisión de imaxes en tempo real por video á xefatura da policía para retirar vehículos sen a presenza do axente. Uso de sistemas punteiros en tecnoloxía das comunicación. Implantación de mecanismo de control con sistema de localización e comunicación GPS e software de xestión, facilitador da fiscalización do servizo polo Concello. Cámara fotográfica dixital en tódalas grúas. Terminais de punto de venda nas grúas

5 grúas de pala hidráulica FOIMA SUPERLIFT FPZ 35 sobre chasis MITSUBISHI 50 S13 de 5.000 kg. Carriños para movemento de vehículos – de rodas pequenas e grandes, de rodas xiratorias e carriños automaticos-. Garras e elementos de sinalización. Por grúa: Cámaras de video para teleretirada, cámara fotográfica dixital, radio-teléfono emisor e receptor móvil TETRA marca Motorola, transmisor GPS, teléfono móvil, emisora base e antena no depósito marca TETRA mod Motorola MTM800EB 380-430Mhz. PDA's, con software e hardware necesario para transmisión en tempo real.

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, un (1) administrativo, dous (2) mecánicos, doce (12) condutores, e cinco (5) recepcionistas, en total 21 persoas.

Proposta de ubicación en tres solares a elixir: En Rebordaos de 3.325 m²; en San Marcos 29 cunha superficie de 3.195 m², e no Polígono de Costa Vella de 2.204 m². En todo eles existe precontrato de aluguer. Este último terreo vai asociado a outro en propiedade do Polígono do Tambre de 1.500 m².



CONCELLO DE SANTIAGO

Detallado proceso de actuación, con Planes preventivos propios sinalando actividades por kilometraje e por pre ITV. Planes correctivos de acordó á norma ISO 9001:2008 que sinala unos indicadores de xestión asociados, informatizados e controlados polos mandos do servizo.

Detalle, exactitude, calidade, precisión e moi avanzado tecnoloxicamente. Moi boa aportación de medios materiais. Adecuados medios humanos para a xestión e planificación expostas. As instalacións son adecuadas e con facilidade de acceso para os usuarios. Planes de mantemento adecuados e precisos.

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 8,00 Puntos

Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)


Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Descrición das tarefas de cada operario no servizo así como dos procedementos de actuación. Gestión con programa informático propio, que permite o seguemento en tempo real da situación, mediante a localización con GPS e asignación de servizos mediante telefonía GPRS, pois cada grúa leva una PDA integrada no sistema Alex. Uso de sistemas modernos en tecnoloxía das comunicación. Cámara fotográfica dixital en tódalas grúas. Non sinala terminais de punto de venda nas grúas .

5 grúas de pala hidráulica modelo FOIMA CP215 sobre chasis Mitsubishi FUSO 5S13 de 2.600 kg. Sinalamento de ferramenta e utillaxe – carriños de arrastre automáticos, cepos para camións, turismos e motocicletas, elementos de sinalización, etc...-. Convenio con empresa local para transporte de vehículos de máis de 2.600 Kg. Por grúa: Cámara fotográfica dixital, radio-teléfono emisor e receptor, transmisor GPS, teléfono móvil, emisora base e antena no depósito. PDA – non sinala modelo- con software e hardware necesario para localización e transmisión en tempo real do vehículo infractor.

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado ou Subdelegado, un (1) administrativo, dous (2) técnicos de mantemento, doce (12) conductores, e cinco (5) recepcionistas, en total 21 persoas, apoiados sempre por persoal dos servizos centrais.

Proposta de ubicación nun terreo de máis de 3.000 m2 no polígono de Costa vella o no polígono do Tambre, sen especificar. Pechado, vixiado, con portas de acceso controladas, con oficinas de cobro, así como con vestiarios aseos, almacén e equipo de primeiros auxilios, obrigas todas elas sinaladas no Prego.

Detallado proceso de actuación, con Planes preventivos propios sinalando actividades por kilometraje e por pre ITV. Revisións por quendas e mensuais. Xestión de calidade e Medio Ambiente normalizadas. A explicación do mantemento correctivo está ben explicado.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Pouco detallado. Ten exactitude e precisión . Adecuado tecnoloxicamente Boa aportación de medios materiais. Adecuado para a exposición da xestión e planificación expostas. Serán adecuados e con facilidade de acceso. Planes adecuados e precisos

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 6,50 Puntos

Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)


Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Descrición das tarefas de cada operario no servizo así como dos procedementos de actuación. Gestión con programa informático propio, que permite o seguemento en tempo real da situación, mediante a localización con GPS e asignación de servizos mediante telefonía GPRS, pois cada grúa leva una PDA integrada no sistema AMPER. Uso de sistemas modernos en tecnoloxía das comunicación. Transmisión en tempo real das imaxes para poder retirar os vehículos sen a presenza do axente da policía. Terminais de punto de venda nas grúas.

5 grúas de pala hidráulica modelo FOIMA CP215 sobre chasis NISSAN Cabstar, MITSUBISHI Canter ou ISUZU. Sinalamento de ferramenta e utillaxe – carriños de arrastre automáticos, 6 cepos para camións, 14 para turismos e 3 cepos para motocicletas – Convenio con empresa local de transporte para retirada de vehículos de máis de 2.600 Kg. Cámara fotográfica dixital, transmisor GPS, PDA Motorola mod ES 400, terminal de denuncias con impresora Zebra RW220 e lector de tarxetas de débito/crédito para pagar enganches.

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, un (1) administrativo, dous (2) mecánicos, doce (12) conductores, e cinco (5) recepcionistas, en total 21 persoas.

Proposta de ubicación en tres solares a elixir: Na subida a san Marcos un de 6.000 m2 con naves feitas e posibilidade de ampliación; no polígono de Costa vella un solar de 4.000 m2, e en Mallou de Abaixo outro de 6.000 m2 ampliables. En todo eles existe preacordo de reserva cos seus propietarios.

Detallado proceso de actuación, con Planes preventivos propios sinalando actividades por kilometraje e por pre ITV. Revisións por quendas e mensuais. A explicación do mantemento correctivo está ben explicado.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Ben detallado, ten exactitude e precisión . Adecuado tecnoloxicamente Moi boa aportación de Medios materiais. Correcta aportación de medios humanos para a xestión e planificación expostas. As instalacións propostas son adecuadas e con facilidade de acceso. Planes de mantemento adecuados e precisos.

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 7,50 Puntos

Organización e Prestación do Servizo (8 puntos)


Sinala a prestación do servizo de xeito ininterrompido 24 horas tódolos días do ano. Descrición das tarefas de cada operario no servizo. Procedemento completo para retirada de vehículos abandonados. Uso de sistemas punteiros en tecnoloxía das comunicación. Implantación de mecanismo de control con sistema de localización e comunicación GPS e software de xestión, facilitador da fiscalización do servizo polo Concello. Cámara fotográfica dixital en tódalas grúas. Terminais de punto de venda nas grúas. Sistema de grúas express, con transmisión de imaxes en tempo real á xefatura da policía para retirar vehículos sen a presenza do axente

5 grúas de pala hidráulica FOIMA SUPERLIFT FPZ 35 sobre chasis MERCEDES BENZ SPRINTER 516 de 5.000 kg , combustible GLP. Carriños para movemento de vehículos – de rodas pequenas e grandes, de rodas xiratorias e carriños automaticos-. Garras e elementos de sinalización. Por grúa: Cámara fotográfica dixital, radio-teléfono emisor e receptor móvil TETRA marca Motorola, transmisor GPS, teléfono móvil, emisora base e antena no depósito marca TETRA mod Motorola MTM800EB 380-430Mhz. PDA's, con software e hardware necesario para transmisión en tempo real.

Subrogación de todo o persoal como está obrigado polo Prego. Para este servizo conta co Delegado, o Subdelegado, un (1) administrativo, dous (2) mecánicos, doce (12) conductores, e cinco (5) recepcionistas, en total 21 persoas.

Podría reubicar a parcela actual de 6.600 m2 no SUD 4 unha vez executado. Propón outro, no Polígono Costa Vella, de 3.100 m2 que posúe licencia de obra e apertura, dotado dos servizos esixidos no Prego. Presenta un segundo depósito, en san Marcos, de 7.000 m2 para vehículos abandonados, con preacordo de arrendamento.

Detallado proceso de actuación, con Planes preventivos propios sinalando actividades por kilometraxe e por pre ITV. Planes correctivos de acordó á norma ISO 9001:2008 que sinala unos indicadores de xestión asociados, informatizados e controlados polos mandos do servizo.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Proxecto con detalle, exactitude, calidade, precisión e avanzado tecnoloxicamente. Moi boa aportación de medios materiais. Adecuados medios humanos para a xestión e planificación expostas. Instalacións adecuadas e con facilidade de acceso. Planes de mantemento correctos e precisos.

CALIDADE SERVIZO DE GRÚA 7,50 Puntos

MELLORAS

Dí o Prego: "Melloras no momento de implantar o servizo ou ao longo da duración da concesión, complementaria dos descritos no Prego e distinta deles, que melloren a prestación do servizo ou que redunden en beneficio dos usuarios. O concesionario ofertará estas melloras ao seu cargo e non se computan as mesmas dentro do total de gastos de explotación recollidos no modelo de liquidación do anexo IV".

As melloras presentadas polas empresas licitadoras, agás algunha moi concreta coincidente, son moi diversas, observando que tres empresas – DORNIER, EYSA e DOAL - non fan autovaloración económica delas, e unha –DORNIER- sinala que dita autovaloración vai no sobre nº 3.

Para ser equitativo na valoración das melloras, tratouse de comparar conceptos que poidan ser similares para comprobar se estas realizaranse de xeito razoable, tendo en conta a claridade da definición da mellora ofertada que implique que poida ser executada pola empresa adxudicataria ou ben a través doutra empresa, e que especifique material, maquinaria e equipos para realizar a mellora.

Polo tanto , agás comprobacións que haxa que facer unha vez aberto o sobre número 3 para comprobar que ningunha das melloras valoradas neste informe teñen repercusión económica para o Concello, establecemos o seguinte cadro de valoración

CALIFICACIÓN	PUNTOS
Extremadamente importante	2,00
Muy importante	1,20
Importante	0,60
Interesante	0,40
Normal	0,30
Regular	0,20
Poco importante	0,10
Escasamente importante	0,05

EYSSA

Nº	DESCRIPCIÓN das MELLORAS PROPOSTAS	ANALISE DAS MELLORAS
1	150 Sensores en prazas de aparcamento.	<u>Non avaliable</u> xa que a implantación total do sistema custaría cartos ao Concello
2	5 Postes de recarga para vehículos eléctricos..	Adecuados técnicamente e poden ser de interés para os cidadáns.
3	Creación páxina Web..	Moi útil para facilitar todo tipo de Información para servizo aos usuarios
4	Aportación de vehículo MULTACAR para control e denuncias.	Tecnoloxicamente avanzado e útil , interesante para zona de residentes.
